

MESA SECTORIAL DO DÍA 4 DE NOVEMBRO DE 2020

1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 16 DE XULLO.

Apróbanse as actas das sesións do punto da orde do día unha vez feitas e recollidas as alegacións por parte das Organizacións Sindicais.

2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: CONCURSO DE TRASLADOS DE ORIENTACIÓN

3º PUNTO DA ORDE DO DÍA: CONCURSO DE ADULTOS

Trátanse conxuntamente ambas ordes como concursos de traslados específicos.

- Con respecto ás vacantes de ambos concursos deben pasar previamente polas Xuntas de Persoal. No caso dos Anexos II e III do concurso de orientación demandamos os criterios de adscrición ou de compartición de orientación así como, explicación da modificación encuberta dos catálogos xa que no Anexo III aparecen intercambiados centros base con centros compartidos en relación ao que aparece nos catálogos. Todo isto se podería solucionar se se negociase e se abordase dunha vez por todas, como levamos anos demandando, unha rede de orientación educativa en Galicia. A Administración debe facer unha aposta clara e decidida pola atención ao alumnado con necesidades educativas e iso pasa por establecer un plan e unha rede de orientación.
- Consideramos que, ao ser concursos específicos, debería eliminarse o requisito de que transcorresen dous anos desde o último destino definitivo e permitir a participación de todo o profesorado con destino definitivo independentemente de cando obtivera dito destino definitivo.
- En relación á forma de participación demandamos que se inclúa no texto de ambas ordes de xeito específico a sede electrónica como forma de participación. Tamén cremos que se debería artellar algún medio telemático para poder achegar a documentación relativa aos méritos de publicacións e artísticos recollidos nos puntos 6.1 e 6.3 do baremo.
- Demandamos que se recolla explicitamente no texto de ambas ordes que se vai facer público o remate de baremación dos participantes para que saiban claramente cando poden comezar a facer as reclamacións previas á resolución provisional.
- Solicitamos que se amplíe o prazo de presentación de solicitudes a 20 días hábiles.
- Con respecto ao baremo, solicitamos a eliminación do apartado 6.4 de méritos por postos na administración e baremación de máis dun (1) mestrado oficial.
- Informamos dun erro no texto da Disposición adicional 1ª do texto da Orde de Orientación onde se fai referencia á orde do concurso xeral de traslados o curso pasado cando debería facer referencia ao actual.
- Solicitamos que se nos aclare a orde de resolución dos concursos. **A Administración indica que se resolverán primeiro os concursos específicos para poder incorporar as resultas ao CXT. Os concursos específicos resólvense simultaneamente na resolución provisional. Na adxudicación definitiva resolvérase primeiro adultos e despois orientación.**

4º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E PREGUNTAS.

- Denunciamos e amosamos o noso total **rexeitamento** ao desprezo feito pola Consellería de Educación á Mesa Sectorial ao publicar á **Resolución de Modificación de Horarios** sen pasar por dita Mesa como é preceptivo.
- Solicitamos aclaracións sobre o envío de **máscaras de protección** aos centros educativos. Solicitamos que se dote aos centros de máscaras dun nivel de protección maior ás enviadas ao principio de curso. Tamén **demandamos o envío de máscaras homologadas transparentes para o profesorado de AL e outro profesorado específico que fai uso delas polas súas circunstancias.**
- Solicitamos a regulación normativa do teletraballo e a dotación de medios e recursos informáticos para o profesorado.
- Denunciar a cobertura irregular dunha praza no Equipo de Orientación Específico de Lugo por unha persoa que non cumpre os requisitos. Aproveitamos para preguntar se vai a haber concurso de orientación específico. **A Administración resposta que teñen previsto convocar concurso de traslados para cubrir as prazas dos equipos de orientación específico.**
- Denunciamos que hai alumnado matriculado en canto no Conservatorio Superior de Música ao que se se lle está informando de que non poden acudir a clases porque van suprimir un docente.
- Solicitamos unha aclaración sobre prazas bilingües que se están ofertando no CXT de ciclos formativos en centros non plurilingües cando se nos informou que, normativamente, só se podían ofertar en centros plurilingües. Solicitamos que se nos aclare se iso é así ou non. **A Administración di que o mirará. Nos centros ordinarios hai un acordo da Administración de non ofertalas se non son centros plurilingües. O caso específico da FP o analizarán coa Dirección Xeral correspondente.**
- Demandamos que no caso da “ensinanza online” se cubran todas as substitucións que xurdan xa que o artigo 11 do **Plan de Continxencia** *“Cando durante o peche ou confinamento parte do profesorado afectado se atope de baixa será o equipo docente (departamento, equipos de ciclo, etc) co apoio da persoa Coordinadora TIC /eDixgal quen dispoña provisionalmente de recursos formativos ao alumnado ata a incorporación de persoal de substitución ou a alta do/a docente”*, xenera dúbidas, solicitamos aclaración, non imos consentir máis carga de traballo engadida á que xa ten o profesorado nestes momentos.
Debe analizarse e dar unha solución a todo aquel profesorado que ten un traballo ímprobo xa funcionando en Google Classroom ou outras plataformas e que non se poden pasar de maneira inmediata ás aulas virtuais ou que directamente non funcionan nestas.
- Solicitamos reforzo dos servizos de persoal tanto nas Xefaturas como nos Servizos Centrais.
- Solicitamos que a Administración nos aclare se, agora que as prazas ARCO se van ofertar en horario completo, o profesorado pode voluntariamente renunciar a elas. **A Administración aclara que ás xornadas completas non se pode renunciar.**

Todas as organizacións sindicais solicitamos formalmente a presenza da Dirección Xeral de Formación Profesional nas Mesas Sectoriais para poder dar resposta aos rogos e preguntas concernentes á mesma.